

**ASUNTO: o concello de cedeira proxecta gastar 140.000 euros na "REFORMA INTEGRAL DO FLOREAL".  
TERCEIRA PARTE**

Xa manifestamos que, neste momento, había que adicar os cartos a axudarlle da mellor maneira ao conxunto da cidadanía a aguantar o embate da crise. O uso irresponsable dos impostos da cidadanía en gasto non esencial afunde a Cedeira no pozo, aínda máis se cabe. Vinteún millóns de pesetas, un detrás doutro, son moitos millóns para romper o que xa está feito e substituílo por sabe Deus qué.

Denunciamos igualmente que o principal punto débil do parque do Floreal é de tipo urbanístico, edificios construídos en épocas anteriores á nosa, inacabados por fóra que dan un aspecto deplorable ao conxunto arquitectónico. Neste aspecto cremos que é o diálogo, a negociación e a lei quen debe primar para melloralos. Pero isto non esixe inversión económica, só tempo, traballo e bo talante.

Outro eslabón débil da cadea son os malos usos dun parque no que a infancia debiera ser reina, tal é o caso de adicalo a aparcamento de coches, non só permitido, senón impulsado polo propio goberno municipal durante o verán pasado. Os tétricos calexóns de acceso, produto dunha ausencia de sentido urbanístico de quenese deseñaron Cedeira no pasado, o PP de toda a vida, son outra lacra que hai que afrontar, pero vinteún millóns para iluminar e mantelos limpos son escandalosamente excesivos.

Efectivamente o Parque do Floreal é un exemplo palmario das cousas que se fixeron no pasado e das cousas que non se fixeron. A displicencia coa que os poderes de toda a vida, observaron a venta do cine e da pista de baile do Floreal foi clamorosa, como vergonzante foi a planificación urbanística posterior.

O actual parque, igual que outros espazos próximos, son o resultado do urbanismo anárquico dos trinta anos do PP, onde cada quen fixo o que lle petou e os edificios acababan colisionando uns cos outros, deixando o espacio público en meros patios de luces, hoxe de difícilísimo encaixe. Que os Rubido revidiquen hoxe a estética da vella pista de baile, despois do que consentiron e fixeron no Floreal é un sarcasmo que ofende.

Salvo o parque infantil, as farolas, a pista, a palmeira e os dos dous últimos edificios, todo o demais é responsabilidade de Rubido. Algún arranxo necesita, iluminación, xardinería ou vixianza, pero enterrar 21 millóns, argumentando melloras para os establecementos, non deixa de ser palabrería para satisfacer a algún empresario do seu grupo e cicais algún outro estómago agradecido. Nada que ver co interés xeral

***En Cedeira, a 21 de novembro de 2013***